



CICLOS ESAD2010

- Memorias do Teatro
- Dramaturxias.con
- Curso de Literatura Dramática Galega

Vigo, do 3 de marzo ao 26 de maio

design: davidoitorol

CICLOS ESAD2010

Coordinación: Roberto Pascual e Nuria Montero

Ciclo Memorias do Teatro

Hora: 16h30 / Lugar: Sala Pedra Seixa da ESAD de Galicia

Esta iniciativa da ESAD de Galicia ten como finalidade recuperar a historia recente e pasada do noso teatro, a través dun ciclo de conferencias no que dar a palabra aos protagonistas verdadeiros da creación escénica: os actores, as actrices, os directores e directoras, os deseñadores, os técnicos, os programadores..., homes e mulleres que día a día fan que o sistema teatral exista. Anualmente a ESAD de Galicia convocará este ciclo que tamén quere crear un marco de encontro en que o alumnado da nosa Escola poida coñecer de primeira man as vivencias, experiencias, lembranzas, problemas e expectativas de persoas que xa forman parte da historia do noso teatro. Igualmente esta plataforma de encontro está aberta a persoas procedentes doutros sistemas teatrais que tamén contan cunha dilatada e contrastada traxectoria artística e profesional.

03.MARZO.2010

Antón Durán Morris

Actor cunha longa e recoñecida experiencia teatral e televisiva. No teatro traballou en ducias de obras desde 1978, especialmente para o Centro Dramático Galego e para a compañía Artello, da que foi fundador.

24.MARZO.2010

Dorotea Bárcena

Actriz, directora e dramaturga. En 1970 participa na creación, con Xulio Lago, do grupo Esperpento Teatro Xove, un dos grupos más activos do incipiente teatro independente galego. Con Teatro da Lúa levou a escena en 1987 *Mulleribus*, da súa autoría.

14.ABRIL.2010

Xúlio Lago

Actor, iluminador e director de Teatro do Atlántico. Foi o organizador das I e II Xornadas de Teatro de Vigo (1972-1973) e promotor da III. Foi tamén promotor do grupo La Picota en Madrid e Mari-Gaila en Santiago. Dirixiu numerosos espectáculos como o *Woyzeck*, primeira creación do CDG.

12.MAIO.2010

Cándido Pazó

Dramaturgo, narrador oral e director. Membro fundador da compañía viguesa A Farándula. Crea tamén o grupo Tranvía, que se fusionaría no 93 con Ollomol e do cal saíron espectáculos inesquecibles da súa autoría e dirección como *Commedia, un xoguete para Goldoni*.

Ciclo Dramaturxias.con

Hora: 16h30 / Lugar: Sala Pedra Seixa da ESAD de Galicia

Con esta iniciativa a ESAD de Galicia quere crear un marco de encontro, comentario, análise e reflexión verbo das tendencias contemporáneas no eido da escrita dramática, promovendo debates e deliberacións de todo tipo. Ao tempo tamén queremos recuperar as historias e as vidas de dramaturgos e dramaturgas a achegármonos ás súas obras, con debates, lecturas dramatizadas, edicións, estudos e outras liñas de traballo, mais tendo presente que unha delas debe ser a de potenciar a súa presenza e relación con este centro de formación.

16.MARZO.2010

María Xosé Queizán

Escritora, tradutora e ensaísta. Nos cincuenta participa en obras de teatro, crea en 1959 o "Teatro de Arte y Ensayo de la Asociación de la Prensa de Vigo", funda e dirixe de 1967 a 1968 o "Teatro Popular Galego".

28.ABRIL.2010

Gustavo Pernas

Dramaturgo, actor e director teatral. Dirixe Áncora Produções e exerce como profesor de guión, dramaturxia e linguaxes audiovisuais. O seu labor creativo obtivo diferentes recoñecementos como o Premio Max, Premio Compostela, María Casares ou Rafael Dieste.

26.MAIO.2010

Raúl Dans

Dramaturgo, guionista e actor de dobraxe. Premio Rafael Dieste no ano 93 con *Matalobos*, premio Álvaro Cunqueiro no 94 con *Lugar* e Premio Born 97 coa obra *Derrota*. En *Confesións dun practicante* reúne unha serie de reflexións sobre a súa concepción do sistema teatral galego.

Curso de Literatura Dramática Galega

Hora: de 18h30 a 20h30 / Lugar: Sala Pedra Seixa da ESAD de Galicia

Este curso ofrece unha visión panorámica do que ten sido a creación dramática de expresión galega desde finais do XIX ata os inicios do XXI. Asentado no comentario e análise de textos, busca ofrecer liñas de indagación e traballo para os axentes da creación escénica a partir da textualidade dramática. Aberto igualmente a todas as persoas interesadas no coñecemento da nosa dramática máis enxebre e/ou universal.

16 e 23. MARZO / 6, 20 e 27. ABRIL / 4, 11 e 25. MAIO. 2010

Manuel F. Vieites

Colaborador habitual de *Faro de Vigo*, ten publicado varios traballos sobre a literatura dramática galega e outros estudos sobre literatura dramática e estudos teatrais.